



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Materiais II	Código	670G01012	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Construcións Arquitectónicas			
Coordinación	Alonso Carro, Guillermo Carlos	Correo electrónico	guillermo.alonso.carro@udc.es	
Profesorado	Alonso Carro, Guillermo Carlos	Correo electrónico	guillermo.alonso.carro@udc.es	
Web	moodle.udc.es/course/view.php?id=34364			
Descrición xeral	<p>A materia de Materias II está centrada no estudo do formigón como material de construción. Trátase de introducir ao alumno naqueles conceptos que servirán como base para o estudo do formigón estrutural na materia de Construción III.</p> <p>Estúdanse e analizan as propiedades, características e esixencias aplicables ao formigón e ás armaduras pasivas. Faise especial fincapé no estudo do Control de Recepción das materias primas e do formigón.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecer os materiais, tecnoloxías, equipos, sistemas e procesos construtivos propios da edificación en xeral e en particular aqueles específicos de Galicia.	A3		
Coñecer a evolución histórica dos materiais, tecnoloxías, procedementos, métodos, sistemas e elementos construtivos.	A5		
Aplicar as técnicas, interpretar resultados e tomar decisións para o control da calidade da obra.	A19		
Aplicar as técnicas de xestión da calidade, xestión medioambiental e construción sustentable.	A20		
Capacidade de análise e síntese.		B1	
Capacidade para a procura, análise, selección, utilización e xestión da información.		B3	
Capacidade para a resolución de problemas.		B5	
Capacidade de traballo en equipo.		B7	
Razoamento crítico.		B12	
Compromiso ético.		B13	
Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.		B16	
Motivación pola calidade.		B21	
Sensibilidade cara a temas de seguridade laboral, accesibilidade, sustentabilidade e medioambiente.		B22	
Capacidade de razoamento, discusión e exposición de ideas propias.		B26	
Capacidade de comunicación a través da palabra e da imaxe.		B27	
Sensibilidade cara a temas relacionados coa protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural e arquitectónico.		B30	
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.			C3
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.			C6
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.			C7



Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.			C8
---	--	--	----

Contidos	
Temas	Subtemas
L-1: Introducción. Requisitos Básicos.	Antecedentes históricos. O formigón actual: Definición, Tipos e aplicacións A EHE 2008: Requisitos básicos: a resistencia e a durabilidade. Clasificación ambiental e esixencias.
L-2: Os materiais compoñentes I: Os Áridos.	Definición. Requisitos xerais: natureza e composición. Designación e tamaño. Limitacións de uso. Condições físico-químicas, condicións físico-mecánicas. Granulometría e forma do árido.
L-3: Os materiais compoñentes II: Cemento e Auga	O Cemento: Denominacións e tipos. RC-08/RC-16. Recomendacións para a súa utilización. A auga: Requisitos da EHE-08. A relación a/c e a Instrución.
L-4: Os materiais compoñentes III: Os Aditivos e As Adicións.	Os aditivos: Definición. Clasificación e tipos. Funcións e efectos. Requisitos da EHE-08. As adicións: Definición. Características xerais. Esixencias e limitacións. Influencia no cálculo de dosificacións.
L-5: Propiedades do Formigón Fresco I.	Designación e especificación do formigón. Condições de calidade do formigón: a docilidade Dosificacións de formigón. Xeneralidades. Bases de cálculo: Método de Fuller. Amasado do formigón. Ensaio do formigón fresco.
L-6: Propiedades do Formigón Fresco II e Endurecido.	Propiedades do formigón fresco: Trabajabilidad e consistencia. Homoxeneidade e uniformidade.  Propiedades do formigón endurecido: Peso específico. Resistencia a compresión. Durabilidade. Permeabilidade. A retracción durante o fraguado e endurecemento. Ensaio do formigón endurecido. Hormigonado en tempo frío. Hormigonado en tempo caloroso.



L-7: Control de Calidade do Formigón I.	Control de Consistencia. Control de Durabilidade. Control de Resistencia. Ensaio Previos e Característicos. Ensaio de Control: Xeneralidades e Criterios Básicos. Modalidades de Control: Control 100%, Indirecto e Estatístico. Formigóns con Distintivo de Calidade Oficialmente Recoñecido.
L-8: Control de Calidade do Formigón II: Control Estatístico.	Control Estatístico da resistencia do formigón durante a subministración. Formación dos lotes de Control. Realización dos ensaios. Criterios de Aceptación ou Rexeitamento da resistencia do formigón. Decisións derivadas do control. Ensaio de Información complementaria.
L-9: Ensaio de Información Complementaria do Formigón.	Ensaio de Información Complementaria do Formigón: Ensaio mediante Probetas Testemuña. Usos e aplicacións do esclerómetro e ultrasóns.
L-10: Fabricación, Transporte e Posta en Obra do Formigón.	Fabricación do Formigón. Transporte do Formigón. Posta en obra do Formigón. Consolidación do Formigón.
L-11: Formigóns Especiais.	Formigóns con Fibras. Formigóns Recicladados. Formigón Autocompactante. Formigón de Altas Prestacións.
L-12: Armaduras Pasivas I.	Xeneralidades. Tipos e designación das armaduras pasivas: Barras corrugadas, mallas electrosoldadas, armaduras básicas electrosoldadas en celosía.
L-13: Armaduras Pasivas II.	Control das armaduras pasivas. Características xeométricas. Adherencia. Características mecánicas. Diagramas Tensión-deformación. Control Previo á subministración. Control durante a subministración. Criterios de aceptación e rexeitamento.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A5	2	0	2
Sesión maxistral	A3 A5 A20 B12 B13 B22 B26 B30 C6 C7	27	42	69
Prácticas de laboratorio	A19 B7 B12 B16 B21 B22 B27 C8	27	37	64
Proba obxectiva	B1 B16	3	0	3
Solución de problemas	B5 B16	4	0	4
Análise de fontes documentais	B3 C3 C7	0	4	4
Atención personalizada		4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Realizárase unha presentación xeral da materia, con indicación das pautas a seguir, así como os elementos a utilizar durante o desenvolvemento da materia.



Sesión maxistral	<p>A sesión maxistral é a metodoloxía a empregar nas clases expositivas.</p> <p>Realizarase a exposición oral de cada lección, complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>Planifícanse 27 horas presenciais e 42 que o alumno debe destinar ao estudo, preparación de apuntamentos, así como á consulta e estudo da bibliografía recomendada co fin de complementar a súa formación.</p>
Prácticas de laboratorio	<p>Dentro das Clases Interactivas inclúese a metodoloxía de Prácticas de laboratorio.</p> <p>A planificación para estas clases é de 27 horas presenciais, cunha dedicación autónoma do alumno doutras 37 horas, co fin de repasar contidos e practicar na solución de exercicios.</p> <p>Contempla este apartado:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>* Realización de prácticas de laboratorio: Realizaranse tres prácticas de laboratorio: Análise granulométrico dunha area, fabricación dun formigón en laboratorio, para posteriormente realizar os ensaios de consistencia e resistencia a compresión e aplicacións e usos do esclerómetro, ultrasóns e extracción de testemuñas de formigón.</li> <li>* Realización de distintos exercicios de carácter numérico.</li> <li>* Realización de controis, consistentes na realización de exercicios a resolver durante un tempo limitado, no horario de clase.</li> </ul>
Proba obxectiva	<p>Trátase dunha proba escrita utilizada para avaliar a aprendizaxe. Esta proba permite avaliar coñecementos, capacidades e destrezas adquiridas polo estudante. Exporanse unha serie de preguntas con resposta breve, relacionando os distintos conceptos traballados durante o curso.</p>
Solución de problemas	<p>Exporase a resolución dun ou dous exercicios, nos que a partir duns datos de partida o alumno terá que obter a solución á problemática exposta.</p> <p>Con esta metodoloxía preténdese avaliar os coñecementos básicos desenvolvidos nas clases de realización de exercicios.</p>
Análise de fontes documentais	<p>Utilizaranse documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, fotografías, artigos de revistas, etc.) co fin de proceder á súa análise.</p>

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
<p>Análise de fontes documentais</p> <p>Prácticas de laboratorio</p>	<p>Durante as clases interactivas prestarase a atención ao alumnado co fin de asesorarlle e resolver as dúbidas que poidan expor á hora de resolver as distintas prácticas expostas.</p>

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Solución de problemas	B5 B16	En cada exame proporase a solución dun ou varios exercicios relacionados coa materia impartida.	20
Proba obxectiva	B1 B16	Realizaranse distintas preguntas, relacionadas coa materia impartida tanto nas clases expositivas, como interactivas, que pretenden avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, etc.	50
Prácticas de laboratorio	A19 B7 B12 B16 B21 B22 B27 C8	Valorarase o traballo realizado polo alumno durante o curso na realización das prácticas de laboratorio, resolución dos exercicios que se expoñan, así como a nota obtida nos controis realizados.	30

### Observacións avaliación



**EXAME PRIMEIRA E SEGUNDA OPORTUNIDADE** No exame da primeira e segunda oportunidade, realizarase unha proba obxectiva e outra de solución de problemas.

**AVALIACIÓN CONTINUA (PRÁCTICAS DE LABORATORIO)** Representa o 30 % da nota final. Esta nota gardarase ata a segunda oportunidade. Para poder optar a esta nota, será necesaria a asistencia a un mínimo do 80 % das clases interactivas e expositivas, así como realizar TODAS as actividades propostas. No caso de non cumprir algún dos requisitos anteriores a nota correspondente á Avaliación Continua, será cero (0).

**Práctica de Laboratorio:** Deseño e fabricación dun formigón en laboratorio. Realización de ensaios de consistencia e resistencia. (30 %). **CONTROL:** Exame consistente na resolución dun exercicio de granulometría de áridos. (30 %). **CONTROL:** Exame consistente na resolución dun exercicio de dosificación dun formigón. (30 %). **NOTA FINAL** A nota final obterase mediante o cálculo da media aritmética ponderada das distintas metodoloxías de avaliación. (30 % Avaliación Continua, 50 % Proba Obxectiva e 20 % Solución de Problemas).

Tanto na Proba Obxectiva, como en cada un dos exercicios que poden compor o exame de Solución de Problemas, débese obter unha nota mínima de 4 sobre dez, para poder obter o aprobado na materia.

En caso contrario (Nota inferior a 4 nalgunha das partes do exame), a nota media ponderal dividirase por 1,6.

Sera necesaria unha nota media de 5 sobre 10 para aprobar.

**ALUMNOS CON RECOÑECEMENTO DE DEDICACIÓN A TEMPO PARCIAL** Para optar á Nota correspondente á Avaliación Continua (PRÁCTICAS DE LABORATORIO), deberán realizar obrigatoriamente as actividades contempladas no devandito apartado, quedando dispensados de cumprir a asistencia obrigatoria ás clases interactivas e expositivas.

Non se permite o uso de calculadoras programables nos exames da materia.

#### Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	- Fernández Cánovas Manuel (2011). Hormigón : Adaptado a la Instrucción de Recepción de Cementos y a la Instrucción de Hormigón Estructural EHE. Madrid - Jiménez Montoya (2009). Hormigón Armado. Barcelona - Ministerio de Fomento. (2008). EHE-08. Instrucción de Hormigón Estructural. Madrid
<b>Bibliografía complementaria</b>	<a href="http://www.fomento.es/MFOM/LANG_CASTELLANO/DIRECCIONES_GENERALES/ORGANOS_COLEGIADOS/CPH/">http://www.fomento.es/MFOM/LANG_CASTELLANO/DIRECCIONES_GENERALES/ORGANOS_COLEGIADOS/CPH/</a> <a href="http://www.fomento.es/MFOM/LANG_CASTELLANO/DIRECCIONES_GENERALES/ORGANOS_COLEGIADOS/CPH/">http://www.fomento.es/MFOM/LANG_CASTELLANO/DIRECCIONES_GENERALES/ORGANOS_COLEGIADOS/CPH/</a>

#### Recomendacións

##### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materiais I/670G01003  
Construción I/670G01009

##### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

##### Materias que continúan o temario

Construción III/670G01017

#### Observacións

Nesta materia non se achegarán apuntamentos realizados polos profesores. Tampouco se porán a disposición dos alumnos as transparencias utilizadas durante as clases. Preténdese potenciar a consulta bibliográfica recomendada ou outra que se poida achegar durante o curso (artigos, noticias, etc.). É importante que o alumno saiba utilizar a Plataforma de Teleformación MOODLE, dado que a mesma utilizarase para fornecer información a empregar no desenvolvemento do programa, así como de vehículo de comunicación. Non se permite o uso de calculadoras programables nos exames da materia.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías